

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Rodea os enlaces que hai neste texto.

A feira de Redondela é moi famosa na comarca. Durante todo o día podes mercar desde un cepillo de dentes ata galos e galiñas para criar. O día mais importante é o 6 de xaneiro, porque é tradición mercar árbores e pasear ata a hora de xantar.



2. Clasifica os enlaces do texto da actividade anterior.

preposicións

conxuncións

3. Completa as seguintes oracións coas conxuncións.

e pero nin ou

- Merendei un bocadillo de queixo _____ chourizo
- É moi bonito _____ non o quero _____ regalado.
- Ves _____ quedas.

4. Completa as oración con enlaces.

- Gústame comer de todo _____ o chocolate
- Paseino moi ben _____ toda a película.
- Tomarei chocolate _____ churros.
- Tomé _____ Pepita traballan _____ Chapela.
- Non sabe se comprar un coche _____ cor gris _____ vermella.
- Tes dúas opcións _____ ir _____ non ir.
- El _____ o seu irmán non chegan _____ mañá.

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Le.

- O camareiro serve patacas bravas.
- O avogado cometeu unha falta leve e outra grave.
- Eu vivo no oitavo piso dese edificio novo.
- Algúns programas da televisión non son moi educativos.

→ Rodea e escribe os adxectivos do texto que rematen en **-ava, -avo, -ave, -eve, -ivo**.

→ Escribe os verbos que teñan **v**.

→ Escribe os verbos que teñan **v**.

6. Escribe unha oración con cada unha das seguintes palabras (fixate en que todas levan **v**).

varrer

• _____

vulto →

• _____

verza →

• _____

avogado →

• _____

servir →

• _____

7. Ditado.

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

8. Le.

Había unha vez en Redondela
un home feliz que era moi gordo;
Gustáballe moito andar en bote
[...]
Aquel home gordo coma a terra

para dar a volta era un horror:
tardaba en virarse un mes enteiro;
[...]
de tanto comer o moi larpeiro
aquel home globo coma a terra.



9. Completa.

- A comparación en literatura é cando se expón a _____ entre dúas cousas.

10. Responde.

- Como era o home de Redondela?

- Porque estaba gordo?

- En que se parecen o home gordo e a terra?

Unidade 9. Poesía, poesía


Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Le o seguinte texto.

As montañas son grandes elevacións naturais do terreo superior a 700 metros con respecto da base. As montañas agrúpanse en cordilleiras ou serras

A montaña ten tres partes o cumio a ladeira e o pé. O cumio é a parte máis alta. A ladeira é a zona inclinada que se atopa entre o cume e o pé da montaña. O pé é a zona mais baixa.

O pico máis alto de Galicia é Pena Trevinca. O máis alto de España é o Teide, que ten unha orixe volcánica.



12. Despois de ler o texto, subliña as ideas principais de cada parágrafo.

13. Completa.

- As montañas son _____.
- Teñen tres partes: _____, _____ e _____.
- Os picos máis altos son _____.

14. Cos datos subliñados, escribe o resumo do texto.
